# CINECLUBGROUCHOMARX

cineclubgrouchomarx.blogspot.com

GROUCHO MARX




xoves 7 . 20h30 e 22h30
VALS CON BASHIR






xoves 21 . 20h30 e 22h30
LA CLASE

xoves 28 . 22h30
LA VIDA SECRETA DE LAS ABEJAS

CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS
Concellaría de Cultura

EDITORIAL GALAXIA

REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

# TEATRO MUNICIPAL LAURO OLMO

## maio 2009

www.concellodobarco.org




## Vida e obra de Ramón Piñeiro

*Conferencia de* Xesús Alonso Montero
escritor, catedrático e membro da Real Academia Galega
mércores 6 maio. 20 h. Edificio Multiusos

*Cine galego e en galego*



## Os Mortos van ás presas

de Ángel de la Cruz




xoves 14 maio
20h30 e 22h30

Teatro Lauro Olmo
Cine club Groucho Marx

LETRAS GALEGAS 2009



## Talía Teatro
## E ti, quen vés sendo?

### venres 8 maio. 21h

Autor: Cándido Pazó
Dirección: Cándido Pazó
Elenco: Toño Casais, David Creus, María Ordóñez, Dani Trillo, Gustavo G. Dieste, Artur Trillo, Marta Ríos, Rosi Barcala, Diego Rei e Xurxo Barcala
Público: Adulto. Duración: 83 min.

Un fato de "persoas sen teito" vai representar unha versión do Anfitrión de Plauto nun festival organizado nun albergue de acollida. Por un desencontro coa dirección da institución asistencial, deciden seguir os ensaios pola súa conta. Reunidos no lugar en que se acochan diariamente, o soto dun edificio en construción abandonado, o proceso da montaxe da célebre comedia plautina acaba derivando por insospeitados camiños.
Pasaron xa 20 anos desde que Talía iniciara a súa andaina no mundo do teatro. Neste tempo levaron a escena 25 montaxes. As súas últimas producións son espectáculos de gran formato, non no relativo á escenografía senón polo amplo elenco artístico, que ademais é persoal estable da compañía.



## Compañía do Elefante Elegante
## Tristán cara de can

### venres 22 maio. 20h

Autores, dirección e interpretación:
María Torres e Gonçalo Guerreiro.
Público: Infantil, a partir de 2 a 12 anos. Duración: 50 min.

A Compañía do Elefante Elegante presenta un espectáculo visual dirixido ao público máis novo. Tristán é unha comedia xestual interpretada ao estilo dos debuxos animados. Tristán cara de can pasa os días ladrando, sen que o máis pequeno sorriso se debuxe nos seus beizos. Pero un día..., dentro dunha misteriosa caixa, aparece unha boneca de trapo que vai tentalo todo para facer rir o noso personaxe. ¿Será ela capaz?